



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Proceso de ensino/aprendizaxe da actividade física e do deporte	Código	620G01022	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	López Alonso, Virginia	Correo electrónico	virginia.lopez.alonso@udc.es	
Profesorado	López Alonso, Virginia	Correo electrónico	virginia.lopez.alonso@udc.es	
Web	<a href="http://campusvirtual.udc.es/moodle/">http://campusvirtual.udc.es/moodle/</a>			
Descrición xeral	<p>Esta materia está incluída no MODULO 5. A formación do profesorado experimentou unha evolución tanto polo que respecta ás súas formulacións teóricas como ás súas técnicas de aplicación. Está a configurarse un modelo crítico de formación que pon énfase naquelas capacidades do profesor que lle poderán axudar a dar respostas concretas ás situacións de traballo en que se atope. As paradigmas máis analizados actualmente no campo da investigación en ciencias da educación son o proceso-produto, o do pensamento do profesor, o de etnografía educativa, o de investigación-acción e o da análise dos procesos cognitivos dos alumnos e a mediación do ensino.</p> <p>De acordo con estas tendencias educativas actuais baseadas nunha escola comprensiva, unha escola para todos e todas, que de resposta efectiva á atención á diversidade e baixo a paradigma competencial esta materia expone unha serie de obxectivos:</p> <p>Dotar ao alumnado cos coñecementos básicos que lle permitan abordar o ensino das actividades físicas cunha visión actual, eficaz e innovadora.</p> <p>O alumnado ten que descubrir, analizar e levar á práctica os conceptos que definen o proceso educativo, así como as interaccións propias do mesmo.</p> <p>Debe adquirir as técnicas precisas para a sistematización do proceso de ensino e aprendizaxe da actividade física.</p> <p>Contrastar e regular a realidade docente, mediante a análise e a reflexión crítica.</p> <p>Esta materia impartirase en castelán.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Identificar e explicar o marco teórico relacionado cos procesos de E/A na actividade física e o deporte, e os seus modelos nos diferentes ámbitos de actuación	A4 A13	B1 B4 B10 B12 B15 B16



Distinguir e analizar os elementos do proceso de E/A e os seus ámbitos de aplicación	A7 A9 A11 A12 A16	B1 B2 B7 B10 B12 B15 B16 B18	C1 C2 C6
Coñecer, deseñar e desenvolver os aspectos metodolóxicos específicos aplicables á actividade física e o deporte, principalmente no concernente aos estilos de Ensino-Aprendizaxe	A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13	B2 B3 B4 B5 B6 B8 B10 B11 B12 B16 B18 B19	C1 C2 C4 C6
Programar, desenvolver e levar ás práctica sesións de Educación Física e Deportes, contemplando todos os elementos do proceso de Ensino-Aprendizaxe, e avaliando as diferentes fases e tarefas que a compoñen.	A6 A8 A9 A11	B1 B2 B7 B10 B12 B18	C1 C2 C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Marco teórico do proceso de ensino-aprendizaxe na educación física e o deporte	1.O proceso de ensino aprendizaxe da educación física e do deporte 2. Modelos pedagóxicos aplicados a educación física e o deporte
Elementos estruturais e metodolóxicos do proceso de ensino-aprendizaxe no contexto da educación física e o deporte	1 Contexto de desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe 2. Elementos estruturais do proceso de ensino-aprendizaxe 3 A interacción no proceso de ensino-aprendizaxe.
Diseño e aplicación da intervención no proceso de ensino-aprendizaxe	1 Elaboración e planteamiento de obxectivos/resultados de aprendizaxe na educación física e o deporte. 2 Deseño e desenvolvemento de sesións na educación física e deportes. 3 Avaliación de sesións na educación física e deportes.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A7 A9 A11 A12 A13 A16 B1 B2 B7 B10 B12 B15 B16 C1 C2 C4 C6 C7	32	64	96



Prácticas a través de TIC	A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B11 B12 B16 B18 B19 C1 C2 C4 C6 C7	4	12	16
Traballos tutelados	A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B11 B12 B16 B18 B19 C1 C2 C4 C6 C7	4	8	12
Proba práctica	A6 A7 A9 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B10 B11 B12 B15 B16 B18 B19 C1 C2 C4 C6 C7	4	10	14
Discusión dirixida	A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 B3 B4 B5 B6 B8 B10 B11 B12 B15 B16 B18 B19 C1 C2 C4 C6 C7	3	3	6
Proba mixta	A11 A12 A13 B1 B2 B3 B5 B11 B12 B15 B16 C1	2	0	2
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Documentos desenvolvidos para introducir o tema e presentación de contidos teóricos prácticos. O alumno deberá buscar información relativa aos contidos expostos na sesión maxistral. Deberá ler comprensivamente a información atopada, asentando as ideas fundamentais.
Prácticas a través de TIC	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Traballos tutelados	Exporanse traballos de reforzo aos contidos teóricos da materia. Exporanse sesións utilizando os elementos didácticos expostos na materia.
Proba práctica	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Proba práctica Traballos tutelados	<p>As tutorías e os demais medios de comunicación profesorado/alumnado, realizaránse personalmente no despacho do/a profesor/a, correo electrónico, moodle ou teams.</p> <p>Os traballos tutelados, requirirán a tutorización personalizada para adecuar a elección do modelo de práctica e o caso obxecto de estudo, para adecuar a elección de obxectivos, o contido e guiar a totalidade do proceso. Para iso disporanse de clases prácticas, tutorías e a atención continúa.</p> <p>Realizaranse presentacións orais dos traballos e materias desenvolvidos polo alumno na materia.</p> <p>Ó alumnado con matrícula parcial organizaráselles-adaptaráselle individualmente a materia ás súas características para que poidan cumprir os mesmos requisitos que o resto do alumnado</p> <p>As titorías e demais medios de comunicación profesor/alumno realizaránse por correo electrónico, teams, moodle, ou presencial no despacho do/a profesor/a.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba práctica	A6 A7 A9 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B10 B11 B12 B15 B16 B18 B19 C1 C2 C4 C6 C7	Deseño e desenvolvemento de sesións de intervención relacionadas cos diferentes elementos do proceso de ensinanza-aprendizaxe	20
Proba mixta	A11 A12 A13 B1 B2 B3 B5 B11 B12 B15 B16 C1	Realización dunha proba escrita desenvolta na plataforma da Universidade da Coruña sobre os contidos desenvoltos nos diferentes sesións teóricas e prácticas da materia	30
Prácticas a través de TIC	A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B11 B12 B16 B18 B19 C1 C2 C4 C6 C7	Levaranse a cabo diferentes actividades no propio desenvolvemento das sesións nas que, de xeito individual ou por grupos, se profundizará nos contidos relacionados con diferentes temas.	10
Traballos tutelados	A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B11 B12 B16 B18 B19 C1 C2 C4 C6 C7	Presentación dun traballo de deseño, análise e avaliación dos diferentes aspectos relacionados cos procesos de ensino-aprendizaxe levados a cabo na proba práctica	40

#### Observacións avaliación



Considérase obrigatoria a asistencia ás diferentes actividades lectivas da materia

A porcentaxe requirida para a superación da materia será do 70% considerado en relación á participación proporcionalmente ás diferentes sesións presenciais (expositivas e interactivas)

A superación da materia implicará a superación dos seguintes apartados tanto na 1ª como na 2ª oportunidade, ou convocatorias posteriores nas condicións que se expoñen a continuación:

## PARTICIPACIÓN

- Enténdese por participación nas prácticas de actividade física ou sesións maxistráis e o desenvolvemento en prazo e forma das tarefas que se expoñan en relación aos contidos relacionados coas sesións. O non cumprimento por motivos xustificadas do 70% da asistencia pode implicar a non superación da materia, constandingo o estudante como "Non Presentado" na cualificación final. Dita falta de participación non xustificada pode inhabilitar igualmente para a superación da materia na segunda oportunidade ou sucesivas convocatorias, ata que esta cumprese. No caso de que non se alcance o 70% de asistencia e participación por motivos xustificadas na avaliación da 1ª oportunidade poderase establecer para a/o estudante unha alternativa equivalente en relación ao desenvolvemento de tarefas e alcance de competencias relacionado cos contidos desenvolvidos nas sesións ás que non asistiu.

A superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se mantéña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

## PROBAS PRÁCTICAS

- Nas tres primeiras semanas do cuadrimestre os estudantes confirmarán o grupo e as datas de participación na/s proba/s práctica/s.

A superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto se mantéña a presente distribución metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

## TRABALLOS TUTELADOS

Proporase os primeiros días de clase unha rúbrica para a elaboración, supervisión e corrección de dito traballo tutelado, que poderá ser modificado a proposta do estudante e co visto bo do profesor

A superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto mantéñase a presente distribución metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

## PROBA MIXTA

A proba mixta terá lugar nas datas asignadas no calendario oficial, como parte de avaliación final da materia. Esta proba poderase levar a cabo ben sobre papel presencialmente na facultade, ou ben no campus virtual ou Teams, para o que os/as estudantes deberán traer e utilizar os seus propios computadores portátiles ou tabletas dixitais.

As diferentes preguntas ou tarefas desta proba mixta distribuiranse de maneira ponderada considerando os diferentes temas, prácticas ou traballos da materia.

O idioma escrito desta proba será o de impartición da materia; facilitarase noutro idioma (español, galego) aos estudantes que o soliciten con dúas semanas de antelación.

A superación deste apartado manterase de cara á 2ª oportunidade, e sucesivas convocatorias, en canto mantéñase a presente distribución metodolóxica, avaliacións e cualificación na guía docente correspondente.

Entenderase en calquera caso que para a superación da materia será preciso ter superados os diferentes apartados da avaliación

## ESTUDANTES DE DEDICACIÓN A tempo PARCIAL

En función das súas posibilidades de asistencia e participación acordarase, por escrito, cos/as estudantes de dedicación a tempo parcial, un modelo alternativo das diferentes actividades de desenvolvemento e avaliación dos diferentes temas e apartados de avaliación, atendendo a un plantexamento de horas de dedicación equivalente aos/as estudantes de matrícula a tempo completo.

En concordancia cos plantexamentos de sostenibilidade que está a promover a Universidade da Coruña, na medida do posible seguiránse as seguintes pautas:

1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

1.2. Realizarase a través de Moodle ou Teams, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

1.3. De realizarse en papel:

- Non se empregarán plásticos.

- Realizaranse impresións a dobre cara.

- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a impresión de borradores.
- 2.- Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural
- 3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais

En termos xerais, ao realizar probas on-line, empregárase a plataforma da UDC ou sistemas recoñecidos por esta

A realización fraudulenta de proba ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederáse a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC, art. 11, apdo 4 b). Entenderase por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria; art. 11, apdo g).



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<p>- Famose, J. P. (1992). Aprendizaje motor y dificultad en la tarea. Barcelona. Paidotribo</p> <p>- Ruiz Pérez, L. M. (1995). Competencia motriz. Elementos para comprender el aprendizaje motor en la educación física escolar. Madrid. Gymnos</p> <p>Blázquez Sánchez, D. (2013). Diez competencias docentes para ser mejor profesor de Educación Física. INDE.</p> <p>Fernandez-Río, J., Calderón, A., Hortigüela Alcalá, D., Pérez-Pueyo, A., y Aznar Cebamano, M. (2016). Modelos pedagógicos en educación física: consideraciones teórico-prácticas para docentes. Revista Española De Educación Física Y Deportes, 413:55-75.</p> <p>Ferriz, R., González-Cutre, D., y Sicilia, A. (2015). Revisión de la Escala del Locus Percibido de Causalidad (PLOC) para la inclusión de la medida de la regulación integrada en educación física. Revista de Psicología del Deporte, 24, 329-338.</p> <p>Fierro-Suero, S., Almagro, B. J., Castillo, I., &amp; Sáenz-López, P. (2020). Herramienta de Observación del Clima Interpersonal Motivacional (OCIM) para docentes de Educación Física. Cultura, Ciencia y Deporte, 15(46), 575-596.</p> <p>Fuentes García, J. P., García González, L., Sanz Rivas, D., Moreno Arroyo, M. P., y Del Villar Álvarez, F. (2005). Estudio del feedback docente de los entrenadores de tenis de alta competición. Kronos: Revista Universitaria de la actividad física y el deporte, 4(7), 57-62.</p> <p>García-González, L., Abós Catalán, A., y Sevil-Serrano, J. (2020). Acción docente en educación física y actividades físico-deportivas. Teoría basada en evidencias científicas. Pressas de la Universidad de Zaragoza.</p> <p>Labrandero, M., Pompa Mansilla, M., Hernandez, F., y Sánchez-Mendiola, M. (2019). Una experiencia de formación: La Educación basada en evidencias A training experience: Evidence-Based Education. Revista Digital Universitaria, 20(6).</p> <p>Moreno, J. A., González-Cutre, D., Chillón, M., y Parra, N. (2008). Adaptación a la educación física de la escala de las necesidades psicológicas básicas en el ejercicio. Revista Mexicana de Psicología, 25(2), 295-303.</p> <p>Navarro, D., Collado, J.A., y Pellicer, I. (2020). Modelos pedagógicos en educación física. Autor editor.</p> <p>Pieron, M. (1988). Didáctica de las actividades físicas y deportivas. Gymnos Editorial.</p> <p>Sánchez-Oliva, D., Leo, F.M., Amado, D., Cuevas, R., y García-Calvo, T. (2013). Desarrollo y validación del cuestionario de apoyo a las necesidades psicológicas básicas en educación física. Motricidad. European Journal of Human Movement, 30, 53-71.</p> <p>Sicilia, A. (2004). La interacción didáctica en EF. En Fraile, A. (coord.), Didáctica de la Educación Física. Una perspectiva crítica y transversal (pp. 237-263). Biblioteca Nueva.</p> <p>Velázquez, C. (2013). Análisis de la implementación del aprendizaje cooperativo durante la escolarización obligatoria en el área de educación física (Tesis Doctoral). UVA.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Cara

mellorar o proceso docente,

recomendase aos estudantes levar a cabo as enquisas "AVALÍA" propostas dende os

servizos centrais da UDC.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías